

## MODELO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

Para consultar -e mesmo para baixalo na súa integridade- o Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego feito público por NOVA ESCOLA GALEGA en 1999, e sobre todo para coñecer polo miúdo a análise da situación actual e as propostas que nel se realizan canto aos medios necesarios para poñelo en práctica, pode visitarse a páxina web de NEG: [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org) (enlace “Normalización Lingüística”). Tamén pode solicitarse no correo electrónico da sede central de NEG en Santiago ([neg@iaga.com](mailto:neg@iaga.com)).

# nova escola galega



## Educación en galego: o compromiso renovado

Cumpridas xa máis de dúas décadas desde a introdución da lingua galega no ensino, a profusión de estudos de campo dos últimos tempos sobre a realidade do idioma constata un progresivo debilitamento do galego sobre todo no que fai referencia á transmisión interxeracional e á súa vixencia como lingua de uso ordinario entre as novas xeracións.

Paralelamente, conséntase tamén nos nosos días como no ensino -que actuou historicamente como vangarda do proceso- se produciu un tamén progresivo relaxamento no compromiso normalizador, unha actitude esta que seguramente veu determinada, entre outros motivos, pola aparente normalización de *pantalla* que se tenta transmitir desde algúns ámbitos e desde o propio poder político.

Analizando estas circunstancias **NOVA ESCOLA GALEGA**, movemento de renovación pedagóxica con vinte e un anos de actividade e que ten consagrado boa parte das súas iniciativas ao intento de construción dun sistema educativo galego público, democrático e normalizado, pretende facer chegar a todos os centros educativos de Galicia as liñas mestras do seu *Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego*.

O *Modelo* é un documento que, conservando toda a súa vixencia, foi elaborado xa no ano 1999 partindo do estrito respecto á lexislación vixente para tratar de -utilizando todos os mecanismos que a propia lexislación permite- lograr o obxectivo previsto pola propia lexislación: que o sistema educativo consiga que o alumnado galego sexa efectivamente competente no uso dos dous idiomas oficiais de Galicia. Para logralo, como é lóxico, o Modelo parte da premisa fundamental de tratar de equilibrar o que está desequilibrado de partida, un elemental razoamento esquecido polas políticas lingüísticas oficiais desenvolvidas ata o momento.

### Significado último da normalización

Na súa esencia o termo normalización deriva da expresión *facere normal*. Aplicado o concepto á cuestión lingüística, o proceso de normalización debe procurar que a lingua galega acadase un status de normalidade en todos e cada un dos ámbitos da vida dos galegos e das galegas, un status que lle foi usurpado por razóns históricas, sociais e políticas ao longo dos seis-cinco últimos séculos.

Constátase que a comezos do século XXI se ten conseguido xa que o galego sexa unha lingua normal na consideración que á cidadanía lle merece como lingua, que sexa unha lingua normal no campo da política, en certas facetas administrativas e mesmo nun certo número de medios de comunicación. Trátase, hoxe por hoxe, dunha lingua de uso normal, tamén e a certos niveis, no ensino.

De xeito paralelo ao proceso descrito, como se adiantaba, o galego foi profundando na súa anormalidade na vida cotiá, no día a día dos galegos e das galegas, de tal xeito que se pode afirmar que, ao tempo que foi acadando un certo rango de lingua de prestixio, sendo mesmo precisa para acceder a certos postos de traballo, cun cada vez máis rico vocabulario en campos como o deporte, que antes lle eran vedados, foi perdendo vixencia como lingua de uso ordinario, único campo, en realidade, no que foi quen de sobrevivir en condicións extremas durante cinco séculos.

O ensino, ademais de ser un dos eidos para os que se debe recuperar o idioma galego en todos os ámbitos de uso -administración, relacións interpersoais e docencia-, amósase como un campo privilexiado para o proceso de recuperación social da lingua galega. Esta importancia está determinada pola súa contribución á consecución de tres obxectivos fundamentais para ese proceso:

- Dotar ao alumnado de competencia lingüística plena en galego.
- Dotar ao alumnado de actitudes favorables para a lingua galega e para o seu proceso de recuperación social.
- Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.

### As normalizacións ignoradas

Aínda admitindo o acordo entre amplos sectores sociais -e educativos, se nos centramos exclusivamente no terreo do ensino regrado- sobre a definición do obxectivo normalizador último, é latente o debate sobre "o que" normalizar. Nas últimas dúas décadas os esforzos normalizadores centráronse practicamente en exclusiva na lingua, entendendo esta como o auténtico lábaro no que se identifica Galicia. Os resultados acadados con estes esforzos veñen demostrar, alén do feito constatado de que o ensino non recibiu a axuda que debiera doutros ámbitos da vida social na procura da normalización do idioma, que o enfoque que guiou os esforzos foi reducionista en exceso.

Desde diferentes posicións teóricas defínese a cultura dun grupo social como o conxunto dunha armazón de elementos moi dispares, cunhas relacións tan constrinxidas entre eles que resulta difícil analizados individualizadamente. Analizando estas definicións, atopamos que o concepto fai referencia, por unha parte, aos elementos constituíntes da propia cultura, entre os cales se atopan os valores, o código social, a propia estrutura social, os mitos e tabús..., e por outra a aquelas manifestacións, as manifestacións culturais, a través das cales eses elementos se fan visibles. Entre tales manifestacións culturais está singularmente a lingua, cun protagonismo destacado, pero tamén produtos culturais tan esquecidos nos nosos días en Galicia como a arquitec-


tura popular, a música, a arte, os modos de produción, o patrimonio lúdico...

Se consideramos a situación de debilidade na que se atopa a lingua na actualidade, e se temos en conta a interrelación existente entre as distintas manifestacións culturais, que impide que poidan ser contempladas illadamente, estaremos comprobando que tal debilitamento da lingua, máis notorio, está agachando o debilitamento dos outros produtos culturais que camiñan a seu carón. Máis aínda, o feito de que en Galicia se teñan deseñado ata o momento escasísimas medidas de normalización das diferentes manifestacións culturais que fomos quen a crear como pobo, se se exceptúa a lingua, está impedindo tamén que a lingua se normalice plenamente.


Segundo a sintética análise realizada, unha iniciativa normalizadora deseñada dende o ensino non debe esquecer as outras manifestacións que conforman, xunto á lingua, a armazón cultural galega. Normalizar a lingua implica, tamén, que a escola asuma o obxectivo de normalizar -dende o seu ámbito- a realidade galega no seu conxunto. Daquela, a capacidade de manobra que deixa aberta a actual armazón lexislativa, dende a perspectiva educativa e dende a perspectiva lingüística, amósase como unha ferramenta nada desprezable de cara á consecución deste obxectivo.

### O marco legal da normalización


Os paradoxos da propia historia de Galicia explican que o momento no que se desenvolve a armazón lexislativa que



Centros de ensino non universitario de Galicia segundo se cumpra ou non o lexislado en materia lingüística (%)  
(Fonte: Datos da enquisa realizada por CIG-ASPG, 2001)



¿Como cre que debería ser o ensino nesta CC.AA.? (%)  
(Fonte: Informe Consello da Cultura, Vol. I, 2002, a partir de Siguán, 1999)



¿Debe ser o galego a lingua habitual da escola?  
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia, 1994)



persegue a normalización do idioma, coincide tamén co momento histórico no que a penetración do castelán é máis evidente. Coinciden tamén as dúas últimas décadas cunha época histórica de desenvolvemento vertixinoso das novas tecnoloxías e dos mass-media. Daquela, semella que o proceso lexislativo e as accións norma-lizadoras postas en marcha foron demasiado demoradas no tempo, por unha banda, e en exceso pouco decididas, por outra.

En síntese, o camiño seguido polo ensino para enfrontar a cuestión pódese sintetizar en tres momentos sucesivos, se nos situamos no tempo a partir do ano 1979:

- A incorporación da lingua e da literaturas galegas, como materia integrante do currículo, aos planos de estudos de todos os niveis non universitarios do sistema educativo galego.
- A incorporación do galego como lingua vehicular ás aulas dalgunhas áreas, especialmente as humanísticas.
- A incorporación do galego como lingua vehicular ás aulas dunha importante batería de materias -de diferentes áreas científicas- do currículo, e mesmo a apertura da posibilidade de acadar un uso, metade por metade, das dúas linguas presentes en Galicia no ensino.

As sucesivas disposicións lexislativas -produto, antes da presión exercida polos profesionais da educación que da existencia dunha vontade política ao respecto- conseguiron, á fin, que o galego non sexa estraño á escola, que desaparecesen -salvo casos illados- as situacións de conflito e mesmo que a estandarización do idioma non sexa xa unha utopía.

A falta dunha vontade política sobre a cuestión, a desidia dalgúns dos chanzos da administración educativa e mesmo a idea dunha liberdade de cátedra mal entendida, porén, impiden que as disposicións lexislativas se cumpran en boa parte dos centros educativos do país. De aí que, ao tempo que non se debe considerar a actual regulamentación como o desexado punto final, semella preciso unha focalización do esforzo dos sectores comprometidos co idioma cara ao cumprimento de todos os aspectos lexislados.

Dez anos máis tarde, en 1999, NOVA ESCOLA GALEGA, a través do seu Grupo de Normalización Lingüística, e á vista dos indicadores dos que podía dispoñer, estimou oportuno presentar unha análise da situación e realizar unha nova proposta que, orientada cara o século XXI, poida ser formulada a institucións e entidades para chegar novamente a un acordo no tocante á normalización lingüística no ensino.


Os eixes fundamentais ou liñas básicas sobre os cales se articula o *Modelo* de NOVA ESCOLA GALEGA son:

- Tanto nas súas bases teóricas coma nas súas estratexias de aplicación, ten unha dimensión científica contrastada. Aínda que se debe ser consciente de que as dificultades no proceso normalizador non proveñen dunha insuficiencia científica, nin sequera dunha ausencia de modelo, senón da falta de vontade política para impulsalo e dotalo dos medios necesarios, pártese da convicción de que é fundamental que todo o proceso se desenvolva con criterios científicos. Neste sentido, hai que dicir que son numerosos os traballos teóricos e prácticos referidos a contextos moi semellantes ao noso que nos proporcionan unha experiencia suficientemente contrastada e que debemos ter en conta.


- O *Modelo* contempla, ademais do contexto social en que se vai desenvolver, as distintas realidades lingüísticas existentes entre a poboación escolar.

- O *Modelo* propón pautas de actuación tendentes a impulsar a normalización da cultura galega no ámbito escolar.


- O *Modelo* fixa un punto terminal normalizador. É dicir, un momento no que, logo do proceso previo, se entende que todos os alumnos e alumnas acadaron a competencia necesaria para que o galego poida ser xa a lingua



¿Debe ser o galego a lingua vehicular (agás Ling. e Lit. Española)?  
(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia, 1994)



Grupos de alumnado segundo se cumpra ou non o lexislado en materia lingüística na comarca do Salnés (%)  
(Fonte: Datos do Estudo da Coordinadora Comarcal de ENLs)



Lingua na que os nenos/as de 1º Ciclo de Primaria aprenden a ler (%)  
(Fonte: Datos oficiais da Consellería de Educación, 1998)

## NEG

### A PROPOSTA NORMALIZADORA QUE PRESENTA NOVA ESCOLA GALEGA



Ao longo do ano 1988, o Grupo de Normalización Lingüística de NOVA ESCOLA GALEGA procedía a unha análise da situación da lingua galega no ámbito do ensino, logo de que a súa implantación estivese regulada polo Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e os Decretos e normas que a desenvolvían. Esta análise amosaba un panorama de raquíticos avances e dunha carencia case absoluta de política lingüística planificada, con prazos e modelos establecidos. Por iso se procedeu a elaborar unha proposta concreta de actuación neste eido, concretada no documento *Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego*.

de uso no ensino a todos os niveis. Ese momento queda fixado nos 12 anos, coincidindo coa fin da etapa de Educación Primaria. Naturalmente, naqueles centros onde ese punto normalizador se poida acadar con anterioridade non debería ser necesario agardar a ese momento, que se debe entender como a hipótese máis dilatada no tempo.

- A comunidade educativa de cada centro xoga un papel fundamental no proceso normalizador. Pártese tamén da convicción de que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que se leven a cabo no proceso. O seu papel ebe ser básico, polo tanto, á hora da definición do seu Proxecto Lingüístico, enmarcado no correspondente Proxecto Educativo de Centro.

### Propostas para a Educación Infantil

No momento de decidir a estratexia normalizadora na Educación Infantil, deben terse en conta, respectivamente, a lingua familiar do alumnado, a lingua predominante no medio e a conveniencia, en todo caso, de reforzar precisamente a lingua menos prestixiada, neste caso o galego, xa dende a máis temperá idade, toda vez que o castelán vai estar presente na aprendizaxe familiar e/ou social e que se pretende acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, tal e como aparece recollido na Lei de Normalización Lingüística.

- Cando a lingua ambiental predominante sexa o galego, esta debe ser a lingua vehicular, calquera que sexa a lingua familiar dos nenos e nenas. En calquera caso, deben contemplarse programas de adaptación para aqueles grupos ou individuos que presenten algún tipo de dificultade para iniciar a súa escolaridade en galego, procurando unha pronta integración no ensino galego normalizado.

- Cando a lingua ambiental predominante sexa o castelán, poden contemplarse diferentes situacións:

- Alumnado con galego como lingua familiar: ensino en galego
- Alumnado con castelán como lingua familiar:

1. Ensino en galego naquelas situacións favorables dende o punto de vista sociolingüístico -apoio da familia e da comunidade educativa-. No caso dos/as nenos/as cunha competencia normal na súa lingua familiar, neste caso o castelán, o ensino nunha segunda lingua resulta benéfico, pois permite manter a competencia na súa lingua materna -moi presente socialmente, especialmente nos medios de comunicación e nas novas tecnoloxías- e adquirir progresivamente unha competencia necesaria na lingua da escola e, á fin, na lingua que cómpre reforzar para acadar o obxectivo fundamental da Lei de Normalización.

2. Iniciación ao ensino en castelán cunha progresiva incorporación do galego que permita o ensino nesta lingua o antes posible. Debe prestarse especial atención ao emprego das estratexias metodolóxicas máis oportunas, fundamentalmente no que se refire a formulación de obxectivos, especialización lingüística do profesorado e dos espazos, uso das dúas linguas, etc.

Deben coidarse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

### Propostas para a Educación Primaria

- No Primeiro Ciclo desta etapa propónse continuar co mesmo criterio que na etapa de Educación Infantil. Cómpre ter en conta que é agora cando se afianza a adquisición das técnicas instrumentais básicas e, polo tanto, un período fundamental para afianzar o galego como lingua do ensino. Con referencia ao proceso de ensino-aprendizaxe da lecto-escritura, deberá realizarse na lingua na que o alumno ou alumna veu sendo escolarizado.


- A comezos do Segundo Ciclo, cómpre diferenciar dúas situacións:

- No caso dos/as nenos/as escolarizados/as en galego, calquera que fose a súa lingua familiar, debe consolidarse o ensino en galego.


- No caso dos/as nenos/as escolarizados/as maioritariamente en castelán nos primeiros anos, débese ir incrementando progresivamente a presenza do galego. En calquera caso ampliarase o número de áreas impartidas en lingua galega, tendo en conta a importancia de incorporar de xeito prioritario aquelas máis prestixiadas.

- No Terceiro Ciclo continuarase na liña anterior, establecendo as estratexias precisas para acadar a plena normalización do galego no ensino e os obxectivos básicos da Lei de Normalización.


Deben coidarse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.



Lingua usada no encerado nas aulas no Ensino Infantil e Primario (%)  
(Fonte: Informe Consello da Cultura, Vol. II, 2002)



Lingua usada oralmente nas aulas no Ensino Infantil e Primario (%)  
(Fonte: Informe Consello da Cultura, Vol. II, 2002)



Lingua utilizada na Proba de análise de texto das Probas de Acceso á Universidade. Xuño 1998  
(Fonte: Datos do Estudo Sociolingüístico da USC)



### Propostas para a Educación Secundaria Obrigatoria

Acadada xa na anterior etapa a competencia lingüística suficiente, nesta etapa, o ensino desenvolverase totalmente en galego.

Esta utilización do galego como lingua vehicular estará complementada polo estudo sistemático do castelán, que xoga un importante papel como lingua de relación.

Deben coidarse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

### Propostas para a Educación Postobrigatoria

Do mesmo xeito, nesta etapa xa non debe existir ningún problema obxectivo que faga inviable a normalización lingüística no ensino, que estará xa plenamente consolidada. O labor nesta etapa, orientarase máis á necesaria formación complementaria do profesorado e á confección dos materiais didácticos precisos.

Deben coidarse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.


Así, nos actuais niveis de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria -se se trata de grupos non iniciais- respectando o camiño xa andado, tenderase a solucións semellantes ás propostas no apartado anterior para estas idades.

No Segundo e Terceiro Ciclo de Primaria debe afondarse na liña de consolidar o galego como lingua vehicular, partindo dos mínimos obrigatorios -dúas áreas- e incorporando progresivamente ao longo deste tempo as áreas necesarias ata acadar os niveis previstos no *Modelo* proposto.


### Educación Secundaria (ESO e ESPO)

Como nas etapas anteriores e partindo do estricto cumprimento dos mínimos legais establecidos iran incorporando progresivamente novas materias ata acadar, na perspectiva de cinco anos, os obxectivos enunciados no *Modelo*.


En calquera caso, deberá tenderse a unha progresiva galeguización curso a curso. Serán os Equipos de Normalización dos Centros, asesorados e coordinados polo ENL comarcal e, no seu caso polo ENL nacional, os encargados de planificar o proceso de incorporación de novas materias en galego, considerando a traxectoria propia de cada centro.



Número de persoas que afirman non usar "nunca" o idioma galego nas grandes cidades (Fonte: Censos de poboación, 1991 e 2001)



Uso do galego segundo a idade (%) (Fonte: Censo de poboación, 2001)



Uso do galego segundo o nivel de estudos (%) (Fonte: Censo de poboación, 2001)

## NEG MEDIDAS TRANSITORIAS PARA AS DIFERENTES ETAPAS

### 0 Educación Infantil e Primaria

Dado que o Plano que debe poñer en práctica o *Modelo* que se acaba de sintetizar empezará a aplicarse sistematicamente cos nenos e nenas que ingresen por primeira vez no sistema educativo, haberá varios grupos de alumnos e alumnas -os que xa estean integrados nos diferentes niveis educativos no momento actual- que non se poderán beneficiar plenamente do mesmo.


A proposta que se realiza é que se estableza por parte dos Equipos de Normalización dos Centros e baixo a coordinación e asesoramento dos ENL de ámbito comarcal, e no seu caso, do ENL de carácter nacional, aquelas estratexias que permitan unha transición progresiva da situación actual á etapa terminal do modelo.

En calquera caso, esas estratexias sempre tomarán en consideración o punto de partida -maior ou menor grao de normalización acadado ata ese momento- e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se procurarán aquelas adaptacións que fagan posible un maior achegamento ás pautas contempladas neste documento.


NIVEL	ÁREAS
Educación Infantil 1º Ciclo Primaria 2º Ciclo Primaria 3º Ciclo Primaria ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilízase a "lingua materna" predominante entre o alumnado, tendo en conta a "lingua ambiental".</li> <li>- Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.</li> <li>- Outra área.</li> <li>- Ciencias Sociais (Xeografía e Historia).</li> <li>- Ciencias da Natureza.</li> <li>- Ciencias Medioambientais e da Saúde.</li> <li>- A optativa ofertada polo centro.</li> </ul>
1º Curso Bacharelato	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Filosofía.</li> <li>- Tecnoloxía Industrial I (Bacharelato de Tecnoloxía).</li> <li>- Bioloxía, Xeoloxía (Bacharelato de Ciencias da Natureza e da Saúde).</li> <li>- Historia do Mundo Contemporáneo (B. de Humanidades e C. Sociais).</li> <li>- Debuxo Técnico (Bacharelato de Artes).</li> </ul>
2º Curso Bacharelato	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia.</li> <li>- Debuxo Técnico, Tecnoloxía Industrial II (B. de Tecnoloxía).</li> <li>- Ciencias da Terra e Medioambientais, Debuxo Técnico (B. C. Natureza).</li> <li>- Xeografía, Historia da Arte, Historia da Filosofía (B. Humanidades).</li> <li>- Historia da Arte (Bacharelato de Artes).</li> </ul>
Bacharelato (Optativas)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ética e Filosofía do Dereito.</li> <li>- Introducción ás Ciencias Políticas e Socioloxía.</li> <li>- Historia e Xeografía de Galicia.</li> </ul>
Formación Profesional	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a integración socio-laboral do alumnado.</li> </ul>

Utilización da lingua galega como lingua vehicular no ensino (mínimos legais)

(Decreto 247 / 1995)



Normalización lingüística e ensino. As fases históricas do proceso



Uso do galego pola poboación estudiantil para cada unha das funcións sinaladas sempre ou maioritariamente (%)

(Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do galego, 2003)